

e-scena é unha publicación mensual de distribución electrónica.

Edita: Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC)

Contidos: Área de Comunicación

Deseño gráfico: Uqui/Cebra

Fotografías: Arquivo AGADIC

D.L.: C-826-06

O CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO ABRE PROXECTOS CON 20 ENTIDADES PARA A DIFUSIÓN DA DANZA EN TODA A SÚA EXTENSIÓN

A POLÍTICA DE ACCIÓNS DESCENTRALIZADAS MARCA A TERCEIRA TEMPORADA DA UNIDADE DE DANZA DA CONSELLARÍA DE CULTURA

NOS PRÓXIMOS MESES ESTREARASE "GISELIÑA" COMO PRODUCCIÓN PROPIA E "CONCERTO DESCONCERTO" E "OVAY" EN RÉXIME DE COPRODUCCIÓN

O Centro Coreográfico Galego (CCG) da Consellaría de Cultura e Deporte principia a temporada 2008-2009 cun amplo plan de traballo para a difusión da danza en toda a súa extensión, para o que conta con proxectos en común cun total de 20 institucións, entidades e empresas que se involucrarán nos eidos creativo, interpretativo, artístico e pedagóxico. Deste xeito, o CCG reforza e afonda a liña desenvolvida nos dous anos precedentes, marcada pola colaboración continua cunha trintena de estruturas tanto da nosa Comunidade coma do exterior.

SUMARIO

- [1-8] NOVAS
- [1-6] AGADIC
- [6] Centro Coreográfico Galego
- [7-8] Centro Dramático Galego
- [8] NOVIDADES EDITORIAIS
- [9-11] AXENDA
- [12] ALERTA!
- [13-14] E_SCENA EN CIFRAS

[continúa na pantalla seguinte]



Podes navegar por e_scena premendo nas entradas de sumario, no símbolo «e_scena», enderezos de internet e nos nomes dalgúns organismos.

[vén da pantalla anterior]

No novo ciclo anual que agora comeza, o CCG reafirmárase como unha realidade descentralizada tanto administrativa como xeograficamente a prol da danza, o que lle permitirá enfrontar a produción de *Giseliña*, unha adaptación de *Giselle* que está xa a poñer en marcha o coreógrafo Cisco Aznar; e a coprodución doutros dous espectáculos: *Concerto Desconcerto* coa compañía Entremáns e *Ovay* con Quique Peón. O apoio á creación completárase co programa Artistas en Residencia, que contará con oito novas propostas a partir de xaneiro de 2009; acadarase unha máxima implementación do seu plan de formación e desenvolveranse dúas coleccións editoriais.

Así, para o apartado de produción cóntase coa concurrencia de La Laboral de Xixón, o Centro Párraga de Murcia, a Escola Mestre Mateo de Santiago, o Conservatorio de Danza da Coruña e a Concellaría de Cultura da mesma cidade. Pola súa banda, o Programa de Residencias está compartido co Centro de Arte Torrente Ballester de Ferrol e co Teatro Ensalle de Vigo, en tanto que no plan formativo colaboran a Facultade de Ciencias do Deporte da Coruña, a Asociación de Danza APDEGA, a SGAE-Arteria Noroeste, a Escola Espazo Aberto, a Fundación Luís Seoane, a Asociación NU2's e os conservatorios de Danza da Coruña e de Lugo. Ademais, unha das coleccións editoriais previstas porase en marcha xunto ao Mercat de les Flors de Barcelona e a Aula de Danza Estrella Casero da madrileña Universidade de Alcalá. Ás anteriores entidades hai

que engadir unha longa listaxe de centros de ensino primario e secundario, así como colectivos sociais e veciñais que participarán nas distintas actividades puntuais programadas.

"GISELIÑA", DE CISCO AZNAR

A terceira produción do CCG, despois de *Vacuo* e *Kiosco das almas perdidas*, é *Giseliña*, unha libre adaptación de *Giselle* que dirixe o catalán afincado en Suíza Cisco Aznar. O propio coreógrafo seleccionou, a través dunha audición pública internacional, o seu equipo de traballo, do que forman parte cinco bailaríns galegos. A estrea será o 7 de marzo de 2009 no Teatro Rosalía Castro da Coruña.

O CCG chegou a un acordo coa Facultade de Ciencias do Deporte da Coruña para que un dos seus alumnos realice prácticas como intérprete de *Giseliña*, e asinou un convenio coa Consellaría de Educación para que alumnos de diversas escolas galegas fagan prácticas no CCG durante o proceso de deseño e realización da escenografía e do vestuario da nova produción. O espectáculo levará a cabo unha xira de cinco meses por distintos espazos dentro e fóra de Galicia. De xeito paralelo a esta xira organizaranse distintas convocatorias formativas para achegar a linguaxe de Cisco Aznar á cidadanía.

COPRODUCCIÓN E ARTISTAS EN RESIDENCIA

A través deste programa o CCG apoia proxectos profesionais de danza de carácter privado e independente e colabora con artistas emerxentes en idade ou traxectoria. As dúas próximas coproducións (*Concerto Descon-*



certo, coa compañía Entremáns; e *Ovay*, con Quique Peón) recibirán, xunto ao apoio económico, un acompañamento durante o proceso creativo. Este asesoramento, que se realiza tanto na fase de preprodución como na de produción e distribución, será levado a cabo pola produtora e xestora cultural Marta Oliveres, *manager* e distribuidora de artistas como Carles Santos, Marcel.li Antúnez ou Roger Bernat.

Dentro do programa Artistas en Residencia, o Centro Coreográfico Galego apoia a creación da danza a través da investigación e a aposta por proxectos arriscados que buscan novas linguaxes artísticas. Este sistema ofrece aos creadores recursos para investigar e experimentar, traballando en rede coas cidades de Santiago, Coruña e Ferrol, ás que nesta temporada se suma a cidade de Vigo. Deste xeito os proxectos reciben, ademais dunha contía económica, un espazo de traballo durante catro semanas e a posibilidade de estadía durante unha semana en residencia técnica.

FORMACIÓN

O programa de Formación do Centro Coreográfico Galego diríxese por unha parte aos profesionais da danza e outras artes do movemento e por outra parte, á cidadanía a través dunha liña de formación pensada para o público e os centros educativos. A formación para profesionais está destinada a artistas que traballan no campo da danza e a artistas doutras disciplinas que teñen a danza como referencia (actores, profesionais do circo, etc). Organízase de xeito descentralizado con outras estruturas culturais co obxectivo de crear unha rede que chegue ao maior número de persoas. A formación para público ten como obxectivo situar a danza na vida cotiá das persoas, converténdoa nunha ferramenta para o desenvolvemento integral do individuo. Dentro desta liña de traballo, e en colaboración coa Fundación Luís Seoane e a Asociación NU2's, o 25 de abril de 2009 organizaranse uns talleres participativos de interpretación da vídeodanza para todos os públicos.



Imaxe promocional de Concerto Desconcerto

Ademais, en colaboración coa Asociación de Danza (APDEGA), poñerase en marcha un completo programa de formación que, coincidindo coa xira de *Giseliña*, achegará a linguaxe de Cisco Aznar á cidadanía. Con este mesmo obxectivo de traballar na formación do público, a peza terá unha preestrea o 6 de marzo no Teatro Rosalía Castro para centros de educación secundaria e bacharelato.

Doutra banda, o CCG ten en marcha un completo programa pedagóxico dirixido a centros de educación da área metropolitana da Coruña co que achegar a danza e a música aos máis mozos. Este programa consta de tres unidades didácticas de danza e tres de música, que a través de actividades lúdicas, achegan estas artes aos alumnos. A esta oferta, tanto no referido a público como a profesionais, hai que sumar as actividades formativas que realizan os artistas en residencia e os que están en coprodución co CCG.

COLECCIÓN BITÁCORA
E CORPO DE LETRA

O Centro Coreográfico Galego desenvolve un importante proxecto edito-

rial a través das coleccións Bitácora e Corpo de Letra. Na primeira delas, o CCG recolle a memoria da danza, poñendo á vista os procesos creativos, amosando as notas e a evolución dun espectáculo dende a idea inicial até a presentación final da peza coreográfica.

Ademais, en colaboración co Mercat de les Flors e a Aula de Danza Estrella Casero da Universidade de Alcalá, o Centro Coreográfico Galego pon en marcha a colección Corpo de Letra, un proxecto que xorde da necesidade de dotar de obras de referencia e propostas críticas a un ámbito artístico que en España conta cun escaso acompañamento teórico. Corpo de Letra traballa en dúas liñas básicas: dunha banda a tradución de textos que se consideran imprescindibles para a creación da danza actual e, doutra, a edición dunha produción propia que articule un corpo teórico-crítico en torno á danza. Está formada por dez libros a publicar en tres anos, dos que se editarán versións en castelán, catalán e galego, así como unha recompilación anual en inglés dos textos inéditos nesta lingua.

TERESA GONZÁLEZ COSTA GAÑA OS PREMIOS ÁLVARO CUNQUEIRO E MANUEL MARÍA, E XOSÉ A. NEIRA CRUZ O BARRIGA VERDE

Teresa González Costa foi a gañadora da edición 2008 dos premios Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais e Manuel María de Literatura Dramática Infantil polas obras *Sempre quixen bailar un tango* e *Pingueiras e tarteiras*, respectivamente, mentres que Xosé A. Neira Cruz alzouse co Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques na modalidade de teatro para rapaces con *O punto da escarola*. O Barriga Verde quedou deserto na categoría de teatro para adultos.

O xurado -que presidiu a profesora Laura Tato Fontañá e que contou como vogais con Emilio Xosé Insua López, Roberto Salgueiro González, Marica Campos, Carlos Ignacio Labraña Barrero e Andrea Bayer Lloves- quixo deixar constancia no seu ditame da "calidade e o bo nivel" dos textos presentados aos tres galardóns, de xeito que foron necesarias "longas deliberacións" para decidir -por maioría- os textos gañadores entre o total de 54 orixinais candidatos: 28 ao Álvaro Cunqueiro, 10 ao Manuel María, e 16 ao Barriga Verde (13 textos para rapaces e 3 para adultos).

Ambos os galardoados recibirán unha dotación económica de 6.000 € por cada un dos premios. Ademais, segundo establecen as bases, os tres textos poderán ser publicados pola AGADIC nalgunha das coleccións dramáticas que mantén abertas en colaboración con diferentes editoriais galegas.

PRIMEIRA MULLER

Con *Sempre quixen bailar un tango e Pingueiras e tarteiras*, Teresa González Costa convértese na primeira muller que recibe o Cunqueiro, galardón que conta conta xa con 17 anos de convocatoria; e tamén na primeira autora que ten no seu haber dous premios diferentes dos convocados pola AGADIC (antes IGAEM): o Cunqueiro e o Manuel María. O primeiro dos textos debuxa un escenario de desencontros entre os personaxes que o habitan: Manuel, que se enfronta con serenidade ao final da súa vida; a súa filla mailo seu xenro, aos que a excitación polos plans de futuro os mantén alleos ao drama; e María, a moza encargada da limpeza, que a pesar do seu desencanto coa vida, é a única sensible ao que sucede ao seu carón.

O xurado destacou de *Sempre quixen bailar un tango* a solidez da súa estrutura dramática, cualificándoa como unha obra "moi coidada" e "moi ben construída", así como a súa intención de ridiculizar valores dominantes na sociedade actual como o

afán de poder, a ambición, as apariencias, a superficialidade ou o materialismo en contraste co "poder salvador dos sonhos".

Pola súa banda, *Pingueiras e tarteiras*, é definido no ditame como unha apoloxía da ledicia e da fantasía que ofrece unha visión atípica e desmitificadora de personaxes arquetípicos. Trátase dunha obra moi lúdica, que recorre a múltiples xogos de palabras para contar como a chegada dunha compañía de circo cambia a vida cor gris nun castelo no que sempre chove.

En *O punto da escarola*, recoñecida co VI Premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques, Neira Cruz artella un divertimento teatral que fai unha homenaxe implícita á profesión de titiriteiro, ao tempo que bota man de personaxes e situacións conectados co imaxinario infantil. Neste caso, o xurado valorou a plasticidade da obra e o enxeño dos seus diálogos, ademais de subliñar o seu "gran sentido do humor e unha utilización moi intelixente da música".



Momento da comunicación pública do ditame do xurado dos premios

A FEIRA DAS ARTES
ESCÉNICAS POSIBILITA 143
FUNCIÓNS NO EXTERIOR DE
20 ESPECTÁCULOS GALEGOS

As comunidades autónomas de Valencia, Madrid, Andalucía, Castela e León, Castela-A Mancha, Murcia, Euscadi, Aragón e Cataluña e as localidades portuguesas de Estarreja, Moita e Porto programarán nos vindeiros meses un total de 143 funcións de teatro galego, a raíz dos contratos pechados con motivo da Feira Galega das Artes Escénicas 2008 que, organizada pola AGADIC, se desenvolveu do 13 ao 17 de outubro en Santiago de Compostela. O balance de contratación deste ano supón un aumento do 81 por cento nas transaccións respecto á edición de 2007, e posibilitará a exhibición en distintos espazos de España e Portugal de 20 espectáculos (16 de teatro e 4 de danza) de 18 compañías galegas.

As compañías e montaxes que accederán por esta vía a escenarios, programacións, festivais e redes escénicas de fóra de Galicia son Acontrabutaca con 13 funcións de *Robin Hood*, Artello con 6 de *Pulgarcito*, BStudio con 1 de *Sono Silente*, Berrobambán con 12 de *Boas noites*, Carlos Blanco-Abada con 2 de *Africanízate*, Entremáns con 9 de *Vén* e outras 2 de *El buey solo bien se lame*, Galitoon con 2 de *Golulá*, Matarile con 12 de *Animales artificiales*, Nova Galega de

Danza con 12 de *Tradición*, Pt Excéntricas con 4 de *No coment*, Sarabela con 2 de *Dáme veleno*, Talía con 2 de *¿Y tú quién eres?*, Teatro D2 con 2 de *Flores migratorias*, Teatro de Ningures con 2 de *Bailadela da morte ditosa*, Teatro do Atlántico con *Unha primavera para Aldara*, Teatro do Morcego con 26 de *O club da calceta* e outras 24 de *Os patios da memoria*, Teatro do Noroeste con 2 de *Extrarradios* e Trompicallo con 6 funcións de *Bolboreta*.

A esta cifra haberá que engadir as representacións concertadas cos programadores galegos asistentes, que se materializarán fundamentalmente nos calendarios da actividade de 2009 dos máis de 40 espazos da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas.

VALORACIÓN PROFESIONAL

A de 2008 foi a primeira Feira organizada pola nova AGADIC, o que redundou en distintas melloras na súa xestión xeral e, en concreto, na nova ubicación dos expositores comerciais. Así, as asociacións representadas nesta zona de mercado, instalada na sede do Auditorio de Galicia, valoraron a conveniencia dos cambios materializados nesta décimo sexta Feira, canto á centralización dunha gran parte da actividade arredor da súa sede central e á potenciación do perfil profesional do evento.

ESPECTÁCULOS E DESTINOS DAS FUNCIÓNS CONTRATADAS POLA FEIRA 2008					
COMPAÑÍAS	ESPECTÁCULOS	CONTRATANTE	POBOACIÓN	COMUNIDADE AUTÓNOMA	Nº DE FUNCIÓNS
Acontrabutaca	Robin Hood	Centro Cultural de Nijar	Nijar	CC.AA. Andalucía	1
Total CC.AA. Andalucía					1
Artello Teatro Alla Scala 1:5	Pulgarcito	Hacedor de Proyectos (Festival Aragón)	Zaragoza	CC.AA. Aragón	6
Berrobambán	Boas noites	Hacedor de Proyectos (Festival Aragón)	Zaragoza	CC.AA. Aragón	10
Berrobambán	Boas noites	Auditorio Novo Ciclo ACERT (Portugal)	Zaragoza	CC.AA. Aragón	2
Entremáns	Vén	Hacedor de Proyectos (Festival Aragón)	Zaragoza	CC.AA. Aragón	2
Entremáns	El buey sólo bien se lame	Hacedor de Proyectos (Festival Aragón)	Zaragoza	CC.AA. Aragón	2
Entremáns	Vén	Trayectos. Danza en Paisajes Urbanos	Zaragoza	CC.AA. Aragón	5
Nova Galega de Danza	Tradición	Hacedor de Proyectos (Festival Aragón)	Zaragoza	CC.AA. Aragón	2
Trompicallo	Bolboreta	Hacedor de Proyectos (Festival Aragón)	Zaragoza	CC.AA. Aragón	6
Total CC.AA. Aragón					35
BStudio	Sono silente	Ayuntamiento de Puertollano	Puertollano	CC.AA. Castela-A Mancha	1
Nova Galega de Danza	Tradición	Ayuntamiento de Puertollano	Puertollano	CC.AA. Castela-A Mancha	1
Total CC.AA. Castela-A Mancha					2
Entremáns	Vén	Teatro Bergidum	Ponferrada	CC.AA. Castela e León	2
Pt excéntricas	No coment (Obra)	Teatro Bergidum	Ponferrada	CC.AA. Castela e León	1
Acontrabutaca	Robin Hood	Teatro de Cuellar	Segovia	CC.AA. Castela e León	1
Total CC.AA. Castela e León					4
Teatro do Morcego	O club da calceta	Teatre Gaudi	Barcelona	CC.AA. Cataluña	24
Teatro do Morcego	Os patios da memoria	Versus Teatre	Barcelona	CC.AA. Cataluña	24
Total CC.AA. Cataluña					48
Acontrabutaca	Robin Hood	Teatro Principal de Plasencia	Plasencia	CC.AA. Estremadura	1
Total CC.AA. Estremadura					1
Artello Teatro Alla Scala 1:5	Pulgarcito	Social Antzokia Basauri	Basauri	CC.AA. Euscadi	1
Artello Teatro Alla Scala 1:5	Pulgarcito	Jornadas de Teatro de Eibar (Uni Kultur Elkatea)	Eibar	CC.AA. Euscadi	1
Matarile	Animales artificiales	Social Antzokia Basauri	Basauri	CC.AA. Euscadi	1
Matarile	Animales artificiales	Auditorium Kultur Leioa	Leioa	CC.AA. Euscadi	1
Matarile	Animales artificiales	Teatro Barakaldo	Barakaldo	CC.AA. Euscadi	1
Matarile	Animales artificiales	Teatro Principal	Gazteiz	CC.AA. Euscadi	1
Matarile	Animales artificiales	Arriola Antzokia	Elorrio	CC.AA. Euscadi	1
Matarile	Animales artificiales	Ayuntamiento de Amorebieta	Amorebieta	CC.AA. Euscadi	1
Matarile	Animales artificiales	San Agustín K.G. Ayuntamiento de Durango	Durango	CC.AA. Euscadi	1
Matarile	Animales artificiales	Centro Cultural Egia	Donosti	CC.AA. Euscadi	1
Nova Galega de Danza	Tradición	Teatro Barakaldo	Barakaldo	CC.AA. Euscadi	2
Pt Excéntricas	No coment (Obra)	Jornadas de Teatro de Eibar (Uni Kultur Elkatea)	Eibar	CC.AA. Euscadi	1
Talía Teatro	¿Y tú quien eres?	Teatro Barakaldo	Barakaldo	CC.AA. Euscadi	2
Total CC.AA. Euscadi					15
Acontrabutaca	Robin Hood	Centro cultural de Coslada	Coslada	CC.AA. Madrid	1
Acontrabutaca	Robin Hood	Teatro Haagen Dazs	Madrid	CC.AA. Madrid	4
Acontrabutaca	Robin Hood	Centro Cultural Pozuelo de Alarcón	Pozuelo de Alarcón	CC.AA. Madrid	1
Nova Galega de Danza	Tradición	Muestra de Teatro de las Autonomías	Madrid	CC.AA. Madrid	2
Pt Excéntricas	No coment (Obra)	Muestra de Teatro de las Autonomías	Madrid	CC.AA. Madrid	2
Sarabela Teatro	Dame Veneno	Muestra de Teatro de las Autonomías	Madrid	CC.AA. Madrid	2
Teatro D2	Flores migratorias	Muestra de Teatro de las Autonomías	Madrid	CC.AA. Madrid	2
Teatro de Ningures	Bailadela da morte ditosa	Muestra de Teatro de las Autonomías	Madrid	CC.AA. Madrid	2
Teatro do Atlántico	Unha primavera para Aldara	Muestra de Teatro de las Autonomías	Madrid	CC.AA. Madrid	1
Teatro do Morcego	O club da calceta	Muestra de Teatro de las Autonomías	Madrid	CC.AA. Madrid	2
Teatro do Noroeste	Extrarradios	Muestra de Teatro de las Autonomías	Madrid	CC.AA. Madrid	2
Total CC.AA. Madrid					21
Acontrabutaca	Robin Hood	Teatro de Caravaca	Caravaca	CC.AA. Murcia	2
Total CC.AA. Murcia					2
Acontrabutaca	Robin Hood	Teatro principal de Alicante	Alacante	CC.AA. Valenciana	2
Total CC.AA. Valenciana					2
Carlos Blanco (Abada)	Africanízate	Cine Teatro Municipal de Estarreja	Estarreja	Portugal	1
Carlos Blanco (Abada)	Africanízate	Forum Cultural Jose Manuel Figueiredo	Município da Moita	Portugal	1
Galitoon	Golulá	Cine Teatro Municipal de Estarreja	Estarreja	Portugal	1
Galitoon	Golulá	Forum Cultural Jose Manuel Figueiredo	Município da Moita	Portugal	1
Matarile	Animales artificiales	Festival Internacional de Teatro de Expressão Ibérica	Porto	Portugal	4
Nova Galega de Danza	Tradición	Festival Internacional de Teatro de Expressão Ibérica	Porto	Portugal	4
Total Portugal					12
TOTAL XERAL					143

Celso Parada, presidente da asociación de compañías Escena Galega, destacou como

“o mello acerto” da Feira deste ano a elección do Auditorio de Galicia como espazo e a con-

centración de actividades arredor seu, o que permitiu a convivencia dos programadores

coas compañías e as empresas. Cualificou ademais de “positiva” tanto a presenza corporativa na zona de mercado como a comunicación que se estableceu entre programadores e empresas representadas, extremo ao que aludiu como “o camiño a seguir no futuro”.

O presidente da Asociación Magos Profesionais de Galicia, Antón López Rivas, botou man do argot máxico para cualificar de “sorprendentes” as novidades desta edición. A procura dun maior dinamismo e comodidade para os asistentes coa instalación da sede central no Auditorio de Galicia, así como o coidado aspecto estético, son para López os pasos axeitados para potenciar a zona de mercado.

Pola súa banda, o coordinador da Federación de Libreiros de Galicia, Antonio Fernández Maira, describiu a que foi a súa primeira experiencia na Feira Galega das Artes Escénicas como unha moi interesante toma de contacto dos libreiros cun ambiente feiral que até o de agora lles era alleo. A representación da Federación na zona de mercado, a través do stand da librería Ler de Santa Comba, insírese dentro da súa intención de prestar unha maior atención á creación dramática como xénero literario, tentando superar a súa percepción minoritaria, obxectivo que xa están a trasladar ás feiras organizadas dende a propia entidade.

Boy Elliott & the Plastic Bags



OS GRUPOS GANADORES DO CERTAME 'A POLO GHIT' LEVARÁN A CABO 6 CONCERTOS COA COLABORACIÓN DA AGADIC

A AGADIC colabora co certame musical 'A Polo Ghit' na celebración dun total de 6 concertos dos grupos Boy Elliott & the Plastic Bags e Skandalo GZ noutras tantas localidades galegas, dentro de locais integrantes da Rede Galega de Musica ao Vivo e en distintas datas de novembro e decembro.

O primeiro recital terá lugar en La Fábrica de Chocolate de Vigo o 21 de novembro, ao que seguirán citas similares o 22 de novembro no pub Clavicémbalo de Lugo, e o 29 de novembro na Sala Badulake de Ordes. Xa en decembro, os concertos serán no Salón Parroquial de Pontareas (día 12), no pub Garufa

da Coruña (día 13) e no Café Auriense de Ourense (día 20).

O 'A Polo Ghit' é un concurso promovido por vieiros.com xunto ao programa Extrarradio da Radio Galega, no que cada ano se elixe a canción galega do verán. Na edición de 2008 participaron máis de 80 temas de nova creación presentados coa letra en galego por grupos de diversas procedencias. A canción ganadora foi *Licor Café*, da banda pontareana Skandalo GZ, en tanto que un xurado decidiu que o grupo de Ferrolterra Boy Elliott and The Plastic Bags, co seu tema *Planeta 19*, fora o encargado de representar ao noso país no eurofestival Liet-Lavlut, que tivo lugar o pasado 18 de outubro na cidade lapona de Luleå.

+ info en vieiros.com/especiais/apologhit08

A AGADIC PUBLICA O SEU MANUAL DE IDENTIDADE CORPORATIVA E DISPÓN UN MAIL PARA DÚBIDAS DE USUARIOS

A AGADIC puxo a disposición dos usuarios, a través da páxina web www.agadic.info, o seu *Manual de identidade corporativa*, no que se ofrece unha referencia de pautas gráficas para a correcta utilización da imaxe visual do novo organismo. O manual divídese en dous grandes apartados, un dedicado ao símbolo e ao logotipo como elementos de identidade e outro no que se recollen supostos de utilización para os casos de presenza compartida con outros logotipos nun mesmo plano.

Así, nas primeiras páxinas aparecen recompiladas todas as versións posibles do logotipo (en cor e branco e negro, tanto positivo como negativo, con filete branco, aplicación cromática...) e mesmo as aplicacións restrinxidas a unha tinta diferente á negra ou co símbolo en liña.

Canto á convivencia con outros logotipos, amósanse graficamente exemplos de ubicación respecto aos símbolos máis usuais, como son o da Consellaría de Cultura e Deporte, os das redes de distribución de espectáculos da AGADIC e os das unidades de produción adscritas. Tamén se resolve a utilización en publicacións de libros en edición propia ou coedición.



O seguimento das pautas definidas neste manual redundará nunha proxección adecuada e coherente da identidade visual da AGADIC, polo que, para facilitar todo o posible a súa correcta utilización, manténse o correo electrónico consultas@logotipoagadic.com, mediante o que recibirán resposta todas as dúbidas formuladas a este respecto polos usuarios interesados.

+ info en www.agadic.info/agadic/interior.php?txt=identidade&lg=gal

UN VOLUME DEDICADO AO CUARTETO TRADICIONAL ABRE A COLECCIÓN DE PARTITURAS 'PEL E MADEIRA'

A publicación do volume 'Cuarteto tradicional' abre a nova colección de partituras 'Pel e madeira', un novo proxecto editorial materializado pola AGADIC e a casa Dos Acordes coa colaboración da Radio Galega, destinado a recoller e difundir o repertorio básico para gaita e percusión galegas. Con dirección artística do gaiteiro

Suso Vaamonde e do percusionista Xosé Lois Romero, 'Pel e madeira' está concibida para a publicación periódica de caderanos de partituras de música tradicional e popular galega, arranxada para diversos formatos e cunha clara finalidade didáctica. A inclusión da gravación de cada un dos temas en CD de son achega un novo enfoque ao estudo dos instrumentos tradicionais.

Preténdese, deste xeito, crear un fondo documental que compile o repertorio máis común entre os gaiteiros, e, sobre todo, producir material que incentive o desenvolvemento técnico e estético da percusión tradicional galega. Con este obxectivo, a selección de temas abrangue todos os niveis de dificultade, dende o de iniciación até o de perfeccionamento, tendo en conta ademais a característica fundamental da cultura tradicional que condiciona este traballo: a permanente mudanza, adaptación e transformación que sofre día a día. As versións dos temas que aquí se presentan son as consideradas orixinais ou as documentadas como primarias, pero non son as únicas formas válidas para interpretar, xa que a improvisación e a reinterpretación permanente das pezas son características inherentes á música popular.

O título da colección 'Pel e madeira' fai referencia aos materiais cos que están construídos a maioría dos instrumentos da

tradición musical galega. Neste primeiro volume recóllense 30 pezas populares arranxadas para dúas gaitas, tambor e bombo; e inclúe dous discos de son coa gravación –realizada nos estudos da Radio Galega– de todos os temas interpretados polos propios autores. En cada un dos CD, identificados como Gaita e Percusión, o oínte poderá escoitar separadamente no estéreo cada un dos instrumentos que conforman o cuarteto tradicional. A elección do formato de cuarteto tradicional, integrado por dúas gaitas, tambor e bombo, é a agrupación musical galega máis popular, a que abrangue un maior espectro tímbrico, a máis versátil e a que posúe un maior abano de recursos musicais: melódico, harmónico, rítmico e dinámico.

Os temas que conforman esta entrega son *A Camposa*, *A Carrasqueira*, *A Farruquiña*, *Aires de Carnaval*, *Alborada de Ourense*, *Baixandopara A Salgueira*, *Brincadeira*, *Buxos Verdes*, *Foliada de Luxán*, *Golpe de Mondariz*, *Himno de Galicia*, *Marcha do Antigo Reino*, *Mazurca da Bretoña*, *Muiñeira de Chantada*, *Muiñeira de Piorredo*, *Muiñeira do Chao*, *Muiñeira n.º 3*, *Pasacorredoiras de Arnoia*, *Pasacorredoiras de Mato*, *Pasodobre*, *Pasodobre de Mallou*, *Pasodobre de Pampónigas*, *Pasodobre de Toques*, *Rumba de Laroá*, *San Campio*, *Valse Galego*, *Xota da Guía*, *Xota de Picaio*, *Xota de Xosé* e *Xota do Besbello*.

CONVOCADA A EDICIÓN 2008-2009 DO PROGRAMA DE RESIDENCIAS ARTÍSTICAS DO CCG E DO CDG

A AGADIC mantén aberto até o próximo 4 de decembro o prazo de presentación de instancias para participar no novo programa Artistas en Residencia, correspondente á temporada 2008-2009, que será xestionada a través das súas unidades de produción: o Centro Coreográfico Galego (CCG) e o Centro Dramático Galego (CDG). O programa supón o apoio aos artistas ou colectivos artísticos que desexen desenvolver un proxecto de investigación ou de creación nos ámbitos do teatro, escrita teatral, circo, danza e outras artes do movemento; ou aos artistas que, desde outras disciplinas, traballen coa danza, o teatro e o circo como referencia.

Para o CCG, o proxecto dota de continuidade a unha iniciativa que xa se levou a cabo nas dúas temporadas precedentes como complemento á súa liña de apoio á creación coreográfica, en tanto que para o CDG esta será a primeira vez que se incorpore este tipo de convocatoria ás súas políticas de asistencia teatral.

+ info en www.agadic.info/servizos/convocatoria.php?id=110&lg=gal
www.centrodramatico.org/cdg/novas/nova.php?id=443&lg=gal
www.centrocoreografico.org/ccg/residencias/convocatoria.php?lg=gal

O programa está destinado a creadores individuais ou colectivos que precisen espazo e tempo para realizar un traballo tanto de investigación como de creación. Deberán cumprir os requisitos que se especifican na convocatoria e enviar toda a documentación solicitada en tempo e forma. Serán un máximo de 15 os beneficiarios, que recibirán unha dotación de entre 5.000 e 1.000 euros por proxecto, ademais dun acompañamento na produción e na creación e un apoio técnico.

Establécense 2 tipos de residencias: unha primeira coa finalidade de realizar un proxecto artístico, de 5 semanas de duración; e unha segundo para residencia-laboratorio, de 4 semanas. Os artistas están obrigados a desenvolver algunha acción formativa relacionada co proxecto da residencia, que pode estar dirixida tanto a profesionais como á cidadanía en xeral. Así mesmo, deberán exhibir o traballo realizado nunha mostra aberta.

O CCG DIVERSIFICA O SEU PROGRAMA DE FORMACIÓN REGULAR CON TAI-CHI, DAOYIN E DANZA CONTEMPORÁNEA

O Centro Coreográfico Galego (CCG) diversifica este mes de novembro o seu programa de formación regular dirixido a estudantes e profesionais da danza e outras artes do movemento. O devandito programa, comezou a mediados de outubro coas clases de ioga que imparte Erick Jiménez e que continuarán até o vindeiro mes de febreiro, todos os luns e mércores de 19.30 h a 21.00 h. nos locais do CCG na Coruña.

En paralelo á anterior actividade, en novembro realizaranse talleres nos que se abordarán distintas disciplinas relacionadas coa danza. Deste xeito, todos os xoves entre as 19.30 h e as 21.00 h, Iván Marcos impartirá o taller que leva por título 'Dentro e fóra', no que se profundizará nos principios das artes do Tai-Chi e do Daoyin, así como noutras técnicas de meditación en movemento. Estas clases pretenden crear unha base cara á reeducación do corpo e da mente, buscando ampliar a consciencia sobre os hábitos de movemento, pensamento e creación.

Ademais, os martes de novembro, tamén en horario de 19.30 a 21.00, a bailarina Ana

Borja Fernández e Uxía P. Vaello



Beatriz Pérez impartirá clases de danza contemporánea. Neste curso traballarase o corpo de xeito integral, potenciando o traballo físico e tomando o foco enerxético como ferramenta para o desenvolvemento do movemento e a súa proxección no espazo.

+ info en www.centrocoreografico.org

BORJA FERNÁNDEZ E UXÍA P. VAELO IMPARTEN O TALLER 'SON E MOVEMENTO' NO TEATRO GALÁN

O Centro Coreográfico Galego organiza o taller 'Son e movemento' do 3 ao 6 de novembro no Teatro Galán de Santiago de Compostela. Impartido por Borja Fernández e Uxía P. Vaello, intergrantes da compañía Play and Rewind, abórdase nel o proceso de composición de movemento e son empregado por estes artistas na creación da súa peza *Play*, proxecto para o que recibiron o apoio do CCG a través do programa Artistas en Residencia do pasado ano.

O taller estrutúrase en catro sesións divididas en dúas partes: na primeira delas faranse exercicios de quencemento e na segunda, os alumnos agrupados por parellas, adentraranse na composición de son e movemento a través de distintos exercicios utilizados no proceso de creación da devandita peza coreográfica, coa que *Play and rewind* inaugurou a súa andaina artística.

O xogo será tamén o elemento base para a elaboración dos exercicios de composición e manipulación de material coreográfico. Outra das finalidades do taller "Son e movemento" é xerar un espazo de colaboración entre os 6 bailaríns, actores-performers e músicos participantes.

+ info en www.centrocoreografico.org

“A BOA PERSOA DE SEZUÁN” VISITA A CORUÑA, TUI E LUGO ANTES DE FACER TEMPORADA EN SANTIAGO

A boa persoa de Sezuán, a primeira produción propia do CDG para a actual temporada, visita este mes –e despois de ter pasado xa con grande éxito polo Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo– o Teatro Rosalía Castro da Coruña (7 e 8 de novembro), o Teatro Municipal Área Panorámica de Tui (14 e 15 de novembro) e o Auditorio Gustavo Freire de Lugo (22 de novembro, dentro do Festival Clásicos Contemporáneos).

Despois desta serie de representacións, o espectáculo que dirixe Nuno Cardoso a partir do texto de Bertold Brecht realizará unha temporada de tres semanas de representacións no Salón Teatro de Santiago, onde foi estreado o pasado 24 de outubro. A compañía que integran os actores e actrices Rosa Álvarez, César Cambeiro, Antón Coucheiro, Mónica García, Rocío González, Roberto Leal, Rebeca Montero, Marta Pazos, Alberto Rolán, Machi Salgado, Toni Salgado e Hugo Torres voltará ao escenario compostelán do 26 de novembro ao 14 de decembro, para ofrecer 5 funcións semanais: mércores e xoves para escolares en horario matinal; e venres e sábados (20.30 h) e domingos (18.00 h) para público xeral.

Os espectadores terán oportunidade de adquirir e facer uso do Bono de Outono, que supón un importante desconto no prezo das entradas para este espectáculo, sempre que se combine a súa compra con outras tres funcións das programadas no Salón Teatro até finais de 2008.



A boa persoa de Sezuán

FINALIZA “A ESCENA AUMENTADA: GALICIA” CUNHA XORNADA DE PORTAS ABERTAS AO PÚBLICO

Alumnos e mestres do curso “A escena aumentada: Galicia” rematan este proxecto de investigación escénica cunha xornada de portas abertas ao público, que terá lugar no Salón Teatro o xoves 6 de novembro entre as 18.00 e as 20.30 horas.

